



CIRCULAR DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE RELATIVA Á PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 14.2 establece que todas as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Tendo en conta que as entidades deportivas de Galicia (federacións deportivas, clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas) teñen esta consideración, soamente se admitirán as solicitudes presentadas electrónicamente.

Se algunha das entidades achega a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica e considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Procedementos con entidades deportivas en sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>)

PR945C Subvencións a clubs, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares para o desenvolvemento de actividades deportivas.

PR952A Bolsas de tecnificación e rendemento deportivo no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

PR954A Convenios coas federacións deportivas galegas para a realización de programas de promoción e desenvolvemento.

PR946A Rexistro de entidades deportivas.

PR946C Legalización dos libros das entidades deportivas.

PR946B Modificacións do rexistro de entidades deportivas.

PR945A Axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións derivados dos incendios.

